

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2017/2018

**Consumo de alcol e factores asociados nos estudantes do campus
universitario de Ferrol**

Laura Chans Facal

Directora: Teresa Rosalía Pérez Castro

ÍNDICE

1.	RESUMO.....	4
1.1.	Resumo	4
1.2.	Resumen	5
1.3.	Abstract.....	6
2.	ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	7
3.	APLICABILIDADE	9
4.	HIPÓTESE	10
5.	OBXECTIVOS	10
5.1.	Obxectivo xeral:.....	10
5.2.	Obxectivos específicos:.....	10
6.	METODOLOXÍA	11
6.1.	Tipo de deseño	11
6.2.	Ámbito e mostra do estudo.....	11
6.3.	Xustificación do tamaño de mostra.....	13
6.4.	Criterios de inclusión e exclusión	15
6.5.	Establecemento de variables e recollida de datos	15
6.5.1.	Establecemento de variables.....	15
6.5.2.	Recollida de datos	16
6.6.	Estratexia de análise estatístico	18
6.7.	Limitacións do estudo	19
6.8.	Criterios de busca bibliográfica.....	20
7.	PLAN DE TRABALLO	20
8.	ASPECTOS ÉTICOS	22
9.	PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.....	23
10.	FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN.....	24
10.1.	Recursos necesarios	24
10.2.	Posibles fontes de investigación.....	26
11.	BIBLIOGRAFÍA.....	27

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1: Relación de graos e alumnado matriculado no curso 2017/2018 no campus de Ferrol	12
Táboa 2: Titulacións seleccionadas de forma aleatoria e número de alumnos en cada unha	14
Táboa 3: Cronograma do traballo	21
Táboa 4: Revistas científicas seleccionadas para o plan de difusión dos resultados e posición segundo o FI e cuartil nos indicadores de calidade elexidos	23
Táboa 5: Recursos necesarios para a financiación do estudo.....	25

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1: Diagrama de fluxo do proceso do estudo	17
--	----

ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO I: Test de AUDIT	32
ANEXO II: Cuestionario de información complementaria	34
ANEXO III: Correo electrónico informativo	36
ANEXO IV: Estratexia de busca bibliográfica.....	37
ANEXO V: Solicitud ao Comité Ético de Investigación de Galicia	38
ANEXO VI: Folla de información para o participante	39
ANEXO VII: Documento de Consentimento Informado para a participación do estudo	42
ANEXO VIII: Documento de Consentimento Informado para representante legal.....	43

ABREVIATURAS:

AUDIT: Alcohol Use Disorders Identification Test

CAEIG: Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia

CIA: Consumo intensivo de alcol

CRD: Cuestionario de recollida de datos

FI: Factor de Impacto

IP: Investigador Principal

JCR: Journal Citation Reports

OMS: Organización Mundial da Saúde

SJR: Scimago Journal & Country Rank

SPSS: Statistical Product and Service Solutions

UDC: Universidade da Coruña

1. RESUMO

1.1. Resumo

Título: Consumo de alcol e factores asociados nos estudantes do campus universitario de Ferrol

Introdución: O consumo nocivo de alcol xera unha carga sanitaria, social e económica considerable para a sociedade. Nos últimos 20 anos, experimentáronse cambios moi importantes, converténdose nun fenómeno de gran prevalencia entre as persoas novas. O patrón de consumo de forma masiva e as consultas en urxencias por intoxicacións etílicas son frecuentes, sendo os estudantes universitarios unha poboación de risco para os problemas relacionados co consumo de alcol, polo que esta etapa é un bo momento para a introdución de estratexias de prevención.

Obxectivos: O obxectivo xeral deste estudo é determinar a prevalencia do consumo de alcol nos estudantes universitarios do campus de Ferrol da universidade da Coruña. Tamén se coñecerá o grao de dependencia de alcol, analizaranse os distintos problemas co consumo deste, compararanse entre distintos subgrupos a prevalencia do consumo e analizaranse os motivos de consumo de alcol nos estudantes.

Metodoloxía: Levarase a cabo un estudo observacional de tipo transversal no Campus Universitario de Ferrol da Universidade da Coruña. Os alumnos seleccionaranse mediante unha estratexia de mostraxe por conglomerados aleatoria. Tras obter autorización do Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia (CAEIG) e poñerse en contacto cos Decanatos das facultades elixidas, o alumnado que cumpra os criterios de inclusión terá que cumprimentar un cuestionario de recollida de datos de forma online que inclúe o test de AUDIT (Alcohol Use Disorders Identification Test) a través da plataforma Google Forms.

Palabras clave: Prevalencia, Consumo de alcol, Universitarios, AUDIT.

1.2. Resumen

Título: Consumo de alcohol y factores asociados en los estudiantes del campus universitario de Ferrol

Introducción: El consumo nocivo de alcohol genera una carga sanitaria, social y económica considerable para la sociedad. En los últimos 20 años, se experimentaron cambios muy importantes, convirtiéndose en un fenómeno de gran prevalencia entre las personas jóvenes. El patrón de consumo de forma masiva y las consultas en urgencias por intoxicaciones etílicas son frecuentes, siendo los estudiantes universitarios una población de riesgo para los problemas relacionados con el consumo de alcohol, por lo que esta etapa es un buen momento para la introducción de estrategias de prevención.

Objetivos: El objetivo principal de este estudio es determinar la prevalencia del consumo de alcohol en los estudiantes universitarios del campus de Ferrol de la Universidade da Coruña. También se conocerá el grado de dependencia de alcohol, se analizarán los distintos problemas con el consumo de este, se compararán entre distintos subgrupos la prevalencia del consumo y se analizarán los motivos de consumo de alcohol en los estudiantes.

Metodología: Se llevará a cabo un estudio observacional de tipo transversal en el campus universitario de Ferrol de la Universidade da Coruña. Los alumnos se seleccionarán mediante una estrategia de muestreo por conglomerados aleatoria. Tras obtener autorización del Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia (CAEIG) y ponerse en contacto con los Decanatos de las facultades elegidas, los alumnos que cumplan los criterios de inclusión tendrán que cumplimentar un cuestionario de recogida de datos de forma online que incluye el test de AUDIT (Alcohol Use Disorders Identification Test) a través de la plataforma Google Forms.

Palabras clave: Prevalencia, Consumo de alcohol, Universitarios, AUDIT.

1.3. Abstract

Title: Alcohol consumption and associated factors among the students from the university campus in Ferrol

Introduction: Harmful consumption of alcohol creates a considerable social, economic and health burden for society. During the last 20 years, major changes have been experienced, and alcohol consumption has become a phenomenon of great prevalence among young people. The pattern of mass consumption and consultations in emergencies due to alcoholic poisoning are frequent. With university students being a population segment at risk for alcohol-related problems, this stage is a good time for the introduction of prevention strategies.

Objectives: The main aim of this study is to determine the prevalence of alcohol consumption amongst university students of the campus of Ferrol, from the University of A Coruña. The degree of alcohol dependence will also be known, the different problems with alcohol consumption will be analyzed, the prevalence of consumption will be compared between different subgroups and the reasons for alcohol consumption in students will be analyzed.

Methodology: A cross-sectional observational study will be carried out at the Campus of Ferrol from the University of A Coruña. Students will be selected by means of a sampling strategy by random clusters. After authorization of the Regional Committee of Research Ethics of Galicia (CAEIG) and contact with the Deans of the chosen faculties, those subjects who meet the inclusion criteria will have to complete an online data collection questionnaire that includes the AUDIT test (Alcohol Use Disorders Identification Test) through the Google Forms platform.

Keywords: Prevalence, Alcohol consumption, University students, AUDIT.

2. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

O consumo nocivo de alcol xera unha carga sanitaria, social e económica considerable para a sociedade. Cada ano prodúcese 3,3 millóns de mortes debido ao consumo de alcol, representando un 5,9% de todas as defuncións (1).

En España, o consumo de alcol asociouse tradicionalmente á poboación adulta e caracterizouse pola regularidade do uso e vinculación á dieta e ós eventos sociais. Nos últimos 20 anos, experimentáronse cambios moi importantes neste patrón, converténdose nun fenómeno de gran prevalencia entre as persoas novas (2,3).

No noso país, segundo datos da Enquisa sobre uso de Drogas e Ensinanzas Secundarias en España, os adolescentes empezan a consumir alcohol ós 13,8 anos e o seu consumo aumenta as posibilidades de desenvolver en idade adulta consumo abusivo ou de dependencia (4).

O consumo intensivo de alcol (CIA) é unha práctica xeneralizada entre os novos e nos últimos anos estase producindo un crecemento no consumo de alcol neste tipo de poboación. Isto recae nunha carga elevada de morbilidade e mortalidade, asociándose a múltiples conductas de risco como conducir baixo os efectos do alcol, accidentes de tráfico, actos de violencia, manter relacións sexuais de risco ou problemas académicos, profesionais e familiares (1, 2, 5, 6, 7).

Para combater o problema do CIA, a Asemblea Mundial de Saúde aprobou no ano 2010 unha estratexia mundial para reducir o uso nocivo de alcol para que os estados membros da Organización Mundial da Saúde (OMS) aplicasen medidas dirixidas a reducir a carga mundial de morbilidade causada polo consumo nocivo tales como políticas e intervencións que podan protexer a saúde e salvar vidas se se aplican correctamente (1).

Actualmente, os problemas relacionados co consumo de alcol na adolescencia segue sendo unha das cuestións que causa maior preocupación. Na sociedade actual, existe un gran vínculo entre alcol, fin de semana e tempo libre (8).

No ámbito universitario, o patrón de consumo de forma masiva e as consultas en urxencias por intoxicacións etílicas son frecuentes, considerándose de esta forma ós estudantes universitarios unha poboación de risco para os problemas relacionados co consumo de alcol (6).

Nesta etapa o alumnado universitario vive fortes tensións entre a vida académica e a vida de ocio, na que os estilos, actitudes e modas xogan un papel case ditatorial e incuestionable e as motivacións son escasamente diferentes; valórase a uniformidade como un valor do grupo xeracional que da cohesión e sentido a vida. Ao mesmo tempo, nesta época da vida comézanse a tomar as primeiras decisións independentes, a practicar eleccións e a alcanzar o aprendizaxe necesario para chegar a ser unha persoa autónoma en todos os sentidos, polo que esta etapa é un bo momento para a introdución de estratexias de prevención (3, 6, 7).

Debido a dificultade de calcular os datos en relación a prevalencia do consumo de alcol en universitarios os resultados son bastante heteroxéneos. Isto é debido a que en estudos previos utilizáronse diferentes instrumentos de medida dando lugar a resultados variables (6, 7).

En Europa, nun estudo levado a cabo en Francia entre os estudantes universitarios con un cuestionario sobre o consumo de alcohol, a prevalencia de consumo excesivo de alcol foi dun 65% (7).

Segundo o Observatorio Español de Drogas e Adiccións, en 2015 a prevalencia de consumo de alcohol na poboación española de 15-24 anos é de 87,5% (9).

Nun estudo descriptivo de carácter transversal levado a cabo na Universidade de Extremadura con un cuestionario que incluía preguntas do cuestionario validado CAGE, un 76,29% dos universitarios consumen alcol, mentres que na Universidade de Granada, a prevalencia de consumo de alcol segundo un estudio do mesmo tipo utilizando o cuestionario AUDIT (Alcohol Use Disorders Identification Test) é dun 50%, e ademais categorizan ésta en consumo escaso o 27,1%, un 19,3 un consumo medio e un 3,6% realizan un consumo excesivo (8, 10).

Xa no noso ámbito máis próximo, Galicia, existen estudos recentes sobre a prevalencia do consumo de alcol nos estudantes universitarios da Universidade de Santiago de Compostela, sendo a prevalencia de consumo de risco de alcol dun 52% en mulleres e dun 62,6% en homes; e na Universidade de Vigo, sendo a prevalencia de consumo de alcol dun 77% (11,12).

En cambio, na Universidade da Coruña (UDC) non existen estudos deste tipo na última década, sendo os estudantes do Campus de Ferrol unha poboación non estudada neste ámbito. Coa elaboración deste estudo, estudarase a prevalencia de consumo de alcol nos estudantes universitarios do campus de Ferrol da UDC, así como se poderá coñecer o grao de dependencia e problemas relacionados co consumo. Ademais, avaliarase a influencia de diversos factores que poden estar asociados ó consumo de alcol.

3. APLICABILIDADE

O consumo nocivo de alcol ten grandes repercusións na saúde pública, xa que xera unha carga sanitaria, social e económica considerable para a sociedade (1).

A labor da Enfermería non só está orientada á atención da persoa enferma, senón que tamén está orientada a persoa sa, tanto na promoción da saúde como na súa prevención. Por elo, é necesario levar a cabo a confección de estratexias educativas enfermeiras que contribúan a lograr unha diminución dos problemas de saúde que maioritariamente inciden na comunidade.

Mediante a elaboración deste estudo, unha vez coñecidos os resultados e en función deles, poderanse pautar diversas medidas e estratexias de consello para a poboación en idade universitaria sobre a modificación do hábito de consumo e a dependencia do alcol.

4. HIPÓTESE

Hipótese nula (H_0): A proporción de alumnos universitarios do campus de Ferrol da UDC que consumen alcol será nula e non se verá influenciada por factores como idade, sexo ou curso académico.

Hipótese alternativa (H_a): A proporción de alumnos universitarios do campus de Ferrol da UDC que consumen alcol será alta e verase influenciada por factores como idade, sexo ou curso académico.

5. OBXECTIVOS

5.1. Obxectivo xeral:

O obxectivo deste estudo é determinar a prevalencia do consumo de alcol nos estudantes do campus de Ferrol da UDC.

5.2. Obxectivos específicos:

- Coñecer o grao de dependencia do alcol nos estudantes universitarios do campus de Ferrol.
- Analizar os distintos problemas relacionados co consumo de alcol nos estudantes universitarios do campus de Ferrol
- Comparar entre os distintos subgrupos (idade, sexo, curso académico) a prevalencia de consumo de alcol.
- Analizar os motivos de consumo de alcol nos estudantes universitarios do campus de Ferrol.

6. METODOLOXÍA

6.1. Tipo de deseño

Realizarase un estudo de deseño observacional, descritivo, de tipo cuantitativo e de corte transversal.

Dito estudo, realizarase aos alumnos dos graos universitarios do campus universitario de Ferrol da UDC. Os alumnos participantes seleccionaranse mediante unha estratexia de mostraxe por conglomerados aleatoria. Os participantes que cumpran os criterios de inclusión terán que cumprimentar un cuestionario de recollida de datos de forma online que inclúe o cuestionario validado AUDIT de identificación dos trastornos debidos ao consumo de alcol.

6.2. Ámbito e mostra do estudo

O **universo de estudo** ven dado polo total de alumnado matriculado en graos universitarios no curso académico 2017/2018 do campus de Ferrol da UDC. Este campus está dividido en dúas áreas, o campus de Esteiro que consta de tres facultades e dúas escolas universitarias e o campus de Serantes, formado por unha escola universitaria (13).

Segundo os datos facilitados polo Servizo de Organización Académica da UDC, o número de alumnos matriculados en graos universitarios no curso 2017/2018 no campus de Ferrol foi de 1.868. Na **táboa 1** figura a relación de graos e número de alumnado matriculado no curso 2017/2018 no campus de Ferrol.

Táboa 1: Relación de graos e alumnado matriculado no curso 2017/2018 no campus de Ferrol

Titulación Universitaria	Total alumnos
Grao en Arquitectura Naval	7
Grao en Enfermería	256
Grao en Enxeñaría Eléctrica	119
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	206
Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	378
Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque	5
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	150
Grao en Enxeñaría Mecánica	174
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	111
Grao en Humanidades	47
Grao en Información e Documentación	23
Grao en Podoloxía	207
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	159
Grao en Simultaneidade: Enx. Mecánica-Naval e Oceánica	26
Total Alumnado Matriculado	1.868

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo Servizo de Organización Académica

6.3. Xustificación do tamaño de mostra

Tendo en conta o número total de alumnado matriculado en graos universitarios do curso 2017/2018 no campus de Ferrol calculouse o **tamaño da mostra** mediante a seguinte fórmula:

$$n = \frac{N * Z_{\alpha}^2 * p * q}{d^2 * (N - 1) + Z_{\alpha}^2 * p * q}$$

Onde:

N= Poboación total = 1.868 (total alumnos matriculados en graos no curso 2017/2018)

Z_α²= 1,96² (seguridade 95%)

p= Proporción esperada = 50% = 0,5

q= 1-p = 1-0,5 = 0,5

d= Precisión = 3%

O tamaño de mostra obtido con unha seguridade do 95% e unha precisión do 3% é de **679** alumnos.

A maiores, é preciso asumir posibles perdas ao longo do proceso do estudo, polo que se debe incrementar o tamaño da mostra. Tras revisar a bibliografía observouse un grao moi variable de perdas, de maneira que se estableceu esta posibilidade nun 40% as posibles perdas (14,15).

Unha vez calculado o tamaño da mostra asumindo as perdas o **tamaño de mostra final** é de **n = 1.132** alumnos.

A **estratexia de mostrado** utilizada é a de **mostraxe por conglomerados**, na que se seleccionarán **aleatoriamente** as titulacións do campus de Ferrol que participarán no estudo ata alcanzar o tamaño de mostraxe calculado, invitando a participar a tódolos alumnos dos graos seleccionados, recollendo os datos dos alumnos que desexen participar.

Para iso, e en base a **táboa 1**, enumeráronse correlativamente cada unha das titulacións e posteriormente elaborouse un listado de números aleatorios a través do programa EPIDAT 4.2 para seleccionar desta maneira os centros ata completar o tamaño de mostra calculado. Sendo os **centros seleccionados para este estudo** e o número de alumnos que teñen, os que aparecen na **táboa 2**.

Táboa 2: Titulacións seleccionadas de forma aleatoria e número de alumnos en cada unha

Titulación Universitaria	Total alumnos
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	206
Grao en Simultaneidade: Enx. Mecánica-Naval e Oceánica	26
Grao en Humanidades	47
Grao en Enfermaría	256
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	111
Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	378
Grao en Información e Documentación	23
Grao en Enxeñaría Eléctrica	119
Total Alumnos seleccionados	1.166

6.4. Criterios de inclusión e exclusión

Para a selección dos estudantes universitarios que participarán no estudo establécense unha serie de criterios:

Criterios de inclusión:

- Estar matriculado/a nalgún dos graos do campus de Ferrol da UDC seleccionados previamente de forma aleatoria.
- Desexar participar no estudo e firmar o consentimento informado.

Criterios de exclusión:

- Non desexar participar no estudo.
- Non ter o consentimento informado firmado.
- Non entender o idioma (estudantes erasmus).

6.5. Establecemento de variables e recollida de datos

6.5.1. Establecemento de variables

Para responder aos obxectivos marcados, utilizarase un cuestionario de recollida de datos (CRD) composto por:

1. **“Alcohol Use Disorders Identification Test” (AUDIT) (ANEXO I)**, é a ferramenta principal do estudo, que consta dun cuestionario validado de identificacións dos trastornos debidos ao consumo de alcol. Foi creado OMS para a detección de forma rápida e temperá do consumo de risco e prexudicial de alcol. Consta de 10 ítems que inclúen o **consumo de alcol**, a **conducta asociada** e os **problemas derivados do consumo**. Para a súa valoración de forma conxunta, cada ítem contén 5 respostas que puntúan do 0 a 4 puntos. A suma dos valores dos ítems é a puntuación final do cuestionario AUDIT, pode ter dúas interpretacións:

1ª Interpretación:

- Unha puntuación ≥ 8 é indicador de **consumo de risco e prexudicial**, así como dunha **posible dependencia do alcol**.
- Unha puntuación > 20 é indicador de **existencia de dependencia do alcol**.

2ª Interpretación:

- Unha puntuación entre 8 e 15 é apropiada para un **consello sobre a redución do consumo de risco**.
- Unha puntuación entre 16 e 19 é apropiado para una **terapia breve e un abordaxe continuado**.
- Unha puntuación ≥ 20 requiren unha **avaliación diagnóstica ampla sobre a dependencia do alcol** (16, 17).

2. **Cuestionario de información complementaria (ANEXO II)**. Co propósito de adquirir información relevante para o estudo, cumprimentarase un cuestionario de elaboración propia con unha serie de variables como:

- Sociodemográficos: sexo, idade, grao universitario e curso actual.
- Datos relacionados co consumo de alcol: idade de inicio de consumo alcol, tipo de bebida alcólica máis consumida e motivo de consumo.

O **tempo estimado** para a elaboración do CRD calculouse de 10 minutos.

6.5.2. Recollida de datos


Previo ao inicio do estudo, solicitarase autorización ao **Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia (CAEIG)**. Unha vez obtida a autorización, contactarase vía telefónica ou persoalmente co **Vicerreitorado de Estudantes** para solicitar a axuda institucional deste, e pedirase o envío dun correo ós **Decanatos** dos graos implicados para pedirilles a súa implicación e adiantarlles unha chamada da investigadora principal para concertar unha cita para informarlles sobre a elaboración do estudo. Tamén se lle enviará un correo electrónico (**ANEXO III**) coa información máis relevante do estudo xunto cos nosos

datos persoais para poder contactar connosco e resolver tódalas dúbidas que xurdan e solicitarase a remisión deste correo electrónico ao alumnado das facultades participantes, para que así quede informando por escrito sobre a elaboración, finalidade, forma de participar e confidencialidade do estudo.

Desta maneira, a través dos Decanatos das facultades seleccionadas, enviaráselle un correo electrónico aos alumnos das facultade participantes, facilitando a participación de todo o alumnado no estudo, independentemente do curso e grao no que se atopen, explicándolle con claridade todos os aspectos e a finalidade do estudo, invitando a participar a aqueles que o desexen de forma voluntaria.

Para poder participar no estudo, o alumnado terá que acceder á plataforma electrónica **Google Forms** a través dun enlace facilitado no correo electrónico informativo. Nesta plataforma electrónica, o alumnado poderá acceder a máis información a cerca do estudo e os que desexen participar, terán que firmar o consentimento informado para ter acceso ao CRD. Unha vez firmado o consentimento, poderase acceder a cumprimentar o cuestionario de forma online.

Figura 1: Diagrama de fluxo do proceso do estudo



6.6. Estratexia de análise estatístico

Levarase a cabo unha análise de todas as variables recollidas no estudo. Para este análise, utilizaranse os programas informáticos Statistical Product and Service Solutions (SPSS) na versión 25.0 e EPIDAT na versión 4.2 (18,19).

As variables cuantitativas describiranse como media, desviación típica, mediana e rango mentres que as variables cualitativas expresaranse como valor absoluto, frecuencia e porcentaxe, con unha estimación de 95% de intervalo de confianza.

A correlación das variables cuantitativas entre sí medirase por medio do coeficiente de correlación de Pearson o Spearman.

A asociación de variables cualitativas estimarase por medio do Chi-cadrado ou probas exactas de corrección de Fischer segundo corresponda.

A comparación de medias realizarase por medio da T de Student ou test de Mann-Whitney segundo proceda tras a comprobación da normalidade co test de Kolgomorov-Smirnov.

Coa intención de determinar que variables se asocian independentemente ao consumo de alcol en poboación universitaria, realizarase un análise multivariante mediante regresión loxística ou lineal múltiple.

6.7. Limitacións do estudo

Os posibles erros que poden chegar a existir, poden causar unha diminución da validez do estudo. Os principais que poden aparecer en este estudo e as medidas que se establecerán para evitalos son os seguintes:

- **Sesgos de selección:** Son debidos a erros na obtención da mostra, que poden ocasionar problemas na representatividade da mesma. Para evitalos, calculouse un tamaño de mostra adecuado. Por iso, debido a que en estudos similares se produce un alto porcentaxe de perdas, aumentouse o tamaño de mostra contando con unha perda no estudo dun 40% (14). Ademais, utilizouse unha estratexia de mostraxe por conglomerados aleatoria para obter unha mostra máis representativa da poboación, sendo o máis homoxénea posible, reducindo así os posibles sesgos de selección. Para mellorar a participación no estudo, tomáronse medidas como buscar a implicación da universidade a través do vicerreitorado e dos decanatos e enviouse un correo electrónico ao alumnado seleccionado para participar con información sobre a elaboración do estudo.
- **Sesgos de información:** Dependem da calidade dos datos obtidos. Para evitar os sesgos de información eliximos un cuestionario validado para a recollida de datos. Outro aspecto a ter en conta é que os alumnos non saiban como manexar a plataforma Google Forms para poder contestar aos cuestionarios de forma online, polo que de ser necesario, explicáraselle o funcionamento desta de maneira individual a través do correo electrónico.
- **Sesgos de confusión:** Resultan nunha sobre ou subestimación da asociación real de variables, formando unha distorsión da realidade. Para evitalos no estudo, utilízanse técnicas de análise estadístico multivalente, que permiten o control simultáneo de varios factores de confusión (20, 21).

6.8. Criterios de busca bibliográfica

Para a elaboración deste proxecto de investigación realizouse unha busca bibliográfica exhaustiva nas bases de datos médicas PubMed, Scopus, Web of Science e Dialnet dende febreiro a maio de 2018 representada graficamente no **ANEXO IV**. Para o cal se utilizaron os termos MeSH “prevalence”, “alcohol drinking in College” e “young adult”; como tamén palabras chave como “consumo de alcohol”, “prevalencia”, “universitarios”, “prevalence”, “alcohol drinking”, “alcohol”, “university students” e “Young adult”.

7. PLAN DE TRABAJO

A elaboración do estudo levarase a cabo nun prazo de 24 meses. Na **táboa 3** móstrase o cronograma de traballo que reflexa as diferentes actividades, responsables e duración aproximada que se levarán a cabo durante o estudo.

Táboa 3: Cronograma do traballo

ACTIVIDADES	RESPONSABLE	MESES DE ESTUDO													
		Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr-Feb (11 meses)
Revisión bibliográfica	IP	■	■	■											
Deseño do estudo	IP				■	■									
Presentación e aceptación do estudo ao CAEIG	IP						■	■							
Elaboración do CRD online (Google Forms)	IP							■							
Contacto co Vicerreitorado	IP + Vicerreitorado							■							
Contacto cos Decanatos das facultades seleccionadas	IP + Decanatos							■							
Recollida de datos	IP								■	■	■				
Análise da información	IP											■	■		
Elaboración do informe de resultados	IP													■	
Plan de difusión	IP														■

IP: Investigador Principal

8. ASPECTOS ÉTICOS

Solicitarase a autorización para a realización do estudo ao CAEIG (**ANEXO V**).

Informarase aos participantes do estudo debidamente por escrito (**ANEXO VI**) mediante a plataforma electrónica Google Forms que terán acceso a través do correo electrónico. Aos alumnos que desexen participar, terán que firmar o consentimento informado (**ANEXO VII**) para poder participar no estudo a través da plataforma online Google Forms.

Debido a que a recollida de datos se realizará no 1º cuadrimestre do curso escolar, pode darse o caso de existir participantes **menores de idade**, que se lles entregará un consentimento informado que deberá ser firmado polo seu pai, nai ou titor/a legal (**ANEXO VIII**) e entregalo na facultade.

En todo momento do estudo, respectarase o Regulamento Xeral de “Protección de Datos” Europeo 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, vixente dende o 24 de maio de 2018 (22). Así mesmo, respectarase o cumprimento da Lei 14/2007 do 3 de Xullo, de “Investigación Biomédica” (23), así como o Código Deontolóxico Enfermeiro do noso país (24) e os principios éticos fundamentais rexidos polos seguintes documentos:

- Código Núremberg (25).
- Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial (26).
